

### *Anuncio*

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 06/08/12 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza.

### **3.- ORDENANZA REGULADORA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA EJERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS Á AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL.**

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado do expediente instruído para a aprobación da Ordenanza reguladora de apertura de establecementos para exercicio de actividades non sometidas á avaliación de incidencia ambiental.

Vista a proposta da alcaldía na que se sinala “

Tendo en conta a exposición de motivos da proposta da Ordenanza reguladora de apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental, propoño o Pleno:

1. Que se aprobe a ordenanza reguladora de apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental.
2. Expoñer a citada ordenanza o público por un período de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no Taboleiro de Anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo aos interesados. As reclamacións e suxerencias serán resoltas polo Pleno.
3. En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias entenderase aprobado o acordo ata entón provisional e en consecuencia aprobada definitivamente a ordenanza.”

Visto o informe de Secretaría, informe unido ao expediente respectivo e favorable á aprobación da proposta da Alcaldía.

A Corporación Municipal por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, nove dos nove que compoñen O Pleno acordan aprobar a proposta da Alcaldía citada.

A ordenanza consta no expediente obrante na Secretaría Municipal.

### **ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EJERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCEDENCIA AMBIENTAL.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 57 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, respectivamente, establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización. A transposición parcial ao ordenamento xurídico español realizado a través da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, dispón que

unicamente poderán manterse réximes de autorización previa cando así se estableza por Lei, cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados. En particular, considerarase que non está xustificada unha autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador, para facilitar, se cómpre, o control da actividade.

No ámbito local, a licenza de apertura de establecemento constituíu un instrumento de control municipal co fin de manter o equilibrio entre a liberdade de creación de empresa e a protección do interese xeral xustificando polos riscos inherentes das actividades de producir incomodidades, alterar as condicións normais de salubridade e medio ambientais, incidir nos usos urbanísticos, ou implicar riscos graves para a seguridade das persoas ou bens.

As modificacións normativas introducidas no noso ordenamento xurídico coa transposición ao dereito interno das disposicións da Directiva de Servizos, outorgan á licenza de apertura un carácter potestativo para o municipio, agás cando se trate do acceso e exercicio de actividades de servizos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, en cuxo caso os réximes de autorización previa encóntranse limitados conforme ao indicado no parágrafo anterior.

Por outra banda, da análise do procedemento administrativo en orde á concesión de licenzas, pon de manifesto que debemos perfeccionar aqueles aspectos da burocracia administrativa que supón demoras e cargas burocráticas, non sempre necesarias, que teñen que ser superadas en atención ao principio de eficacia que consagra o art. 103.1 da Constitución Española e ao principio de celeridade expresada nos artigos 74 e 75 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e en aplicación da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Dentro do amplo concepto de actividade de servizo acollida tanto na Directiva como na Lei 17/2009, resulta evidente que unha parte importante das mesmas veñen constituídas polas actividades comerciais reguladas pola Lei 13/2010, 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, pola que se traspón ao dereito galego a Directiva, establecendo no seu artigo 28 o seguinte réxime, polo que ás licenzas de apertura se refire:

1. Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade ou, no seu caso, comunicación previa ou declaración responsable. Ademais do anterior, nos supostos previstos nesta lei, requírese a autorización comercial da Comunidade Autónoma.
2. As licenzas de apertura dos establecementos serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente en materia de urbanismo, seguridade, salubridade e protección do medio ambiente.
3. En todo caso, as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental, nin ao informe da consellería titular da competencia en sanidade, estarán exentas da obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable.
4. Suxéitanse unicamente ao deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e a adquirente, os cambios de titularidade das licenzas de actividade ou de apertura de establecementos e actividades comerciais.
5. Os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, no seu caso, as comunicacións previas ou declaracións responsables recibidas serán comunicadas polo respectivo concello á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro galego de Comercio de conformidade co disposto no Art. 8 desta lei".

Por outra banda, a lei galega de comercio interior só esixe a autorización comercial autonómica para a instalación, a ampliación e o traslado dos establecementos comerciais individuais ou colectivos que destinándose ao comercio polo miúdo de calquera clase de artigos teñan unha incidencia ambiental, territorial, urbanística e no sistema viario que transcenda o termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia e características.

Para estes efectos entende que unicamente ten incidencia supramunicipal, e por tanto, están suxeitos á autorización comercial autonómica, a instalación e o traslado dos establecementos comerciais cunha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 2.500 metros cadrados polo impacto territorial, urbanístico, viario e medio ambiental xerado. Tamén será preceptiva a citada autorización no caso de ampliacións de establecementos comerciais cando a superficie que resulte tras a ampliación sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados.

En cambio, non precisarán tal autorización os establecementos comerciais individuais dedicados á exposición e á venda de automóviles, de embarcacións e outros vehículos, maquinaria industrial ou agrícola, de materiais para a construción e artigos de saneamento, que requiran un gran espazo físico, e tampouco a requiren os mercados municipais e os denominados centros comerciais abertos.

Resulta tamén salientable que no ordenamento galego, as licenzas de actividade e de apertura teñen o mesmo obxecto, son conceptos sinónimos. Así, como acabamos de ver "Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade". Esta

unificación xa se producira anteriormente por obra do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental. Dicimos isto, xa que na cultura administrativa local segue pesando a diferenciación entre licenza de actividade ou instalación e licenza de apertura ou de funcionamento, diferenciación derivada do vello RAMIN e que hoxe debemos superar, de tal maneira que a licenza de instalación virá subsumida na urbanística de obras e na de primeira utilización e a de apertura limitará o seu obxecto a autorizar o funcionamento da actividade obxecto do proxecto autorizado coa licenza de obras.

Como consecuencia, este Concello, dentro das medidas de adaptación á nova normativa, mediante a presente Ordenanza, pretende facilitar e facultar a posta en marcha de actividades económicas nos sometidas a avaliación da incidencia ambiental, nin de efectos nin de impacto ambiental, tanto as incluídas no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, como outras actividades non incluídas nela, sempre e cando, para o desenvolvemento das mesmas estea excluída a avaliación da súa incidencia, efectos e impacto ambiental, co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa a outras actividades, de xeito que poderán iniciarse sen previa licenza municipal desde o mesmo día da presentación da declaración responsable, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori.

Deste xeito, a mencionada presentación, e a toma de coñecemento por parte da Administración non supón unha autorización administrativa para exercer unha actividade, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e activar as comprobacións pertinentes.

O mantemento da licenza previa na apertura de determinadas actividades xustifícase por razóns imperiosas de interese xeral, de orde pública, seguridade pública, saúde pública, seguridade dos destinatarios de bens e servizos, dos traballadores, protección do medio ambiente e o medio urbano. Estamos a falar das actividades sometidas a autorización ambiental integrada, as sometidas a avaliación do seu impacto ambiental ou dos efectos e incidencia ambientais; así como as acollidas no catálogo galego de espectáculos e establecementos públicos.

Óptase con carácter xeral por establecer o réxime de declaración responsable e non facer uso da comunicación previa, agás na transmisión de actividades tanto as sometidas a licenza previa como a declaración responsable debido a que ambos os dous instrumentos son igualmente áxiles para o cidadán aínda que coa vantaxe de que a declaración responsable contén unha maior garantía de información dos requisitos e responsabilidades que implica a actuación.

Polo tanto, en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos Municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, dítase a presente Ordenanza previa observancia da tramitación establecida para ese fin polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto**

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular os procedementos de intervención municipal sobre os establecementos, locais, ou lugares estables, situados no termo municipal de destinados ao exercicio de actividades económicas por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración económica, ou a súa modificación, a través dos medios establecidos no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como a comprobación do cumprimento e mantemento dos requisitos establecidos para o exercicio das devanditas actividades.

2. A finalidade desta Ordenanza é garantir que os establecementos dedicados a actividades económicas cumpren coas condicións técnicas de seguridade, de hixiene, sanitarias, de accesibilidade e confortabilidade, de vibracións e de nivel de rúidos que regulamentariamente se determinen nas normas específicas de cada actividade, nas Normas Básicas de Edificación e Protección contra Incendios nos Edificios e coa normativa aplicable en materia de protección do medio ambiente e de accesibilidade de edificios.

### **Artigo 2. Definicións**

Aos efectos desta Ordenanza entenderase por:

1. Actividade Económica: Toda aquela actividade industrial ou mercantil consiste en produción de bens ou prestación de servizos conforme ao previsto no art. 22.1 do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais.

2. Servizo: Calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

3. Declaración responsable: o documento suscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así acredita e que se

compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.

### **Artigo 3. Ámbito de aplicación**

#### **1. O réxime de declaración responsable e control posterior aplícase a:**

- a) Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas incluídas dentro do ámbito de aplicación da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, non sometidas a avaliación de impacto, efectos e incidencia ambiental nos termos da lexislación reguladora dos mesmos, e a de ruídos e prevención da contaminación acústica, agás cando por unha norma con rango Lei se estableza outro réxime de autorización.
- b) Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas non incluídas dentro do ámbito de aplicación da Lei 17/2009, de 23 novembro, cando non se encontren sometidas a instrumentos de prevención e control ambiental de competencia autonómica conforme á Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, agás cando por unha norma con rango Lei se estableza outro réxime de autorización.
- c) Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.
- d) Modificación non substancial de actividades sometidas a avaliación da incidencia ambiental

#### **2 O réxime de comunicación previa aplícase a:**

- a) cambio de titularidade das actividades.

**3 Quedan incluídas** no réxime de declaración responsable e comunicación previa as actividades sinaladas no RDL 19/2012, de 25 de Maio de Medidas Urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, así como aquelas outras que sinala o Estado e a Comunidade Autónoma e as indicadas no listado desta ordenanza sempre que non contradigan a normativa estatal e autonómica.

#### **4. Quedan fora do ámbito desta ordenanza:**

- a. As actividades propias de establecementos e espectáculos públicos, incluídas no catálogo galego destas actividades
- b. Cando por razóns imperiosas de interese xeral, de orde pública, seguridade pública, saúde pública, seguridade dos destinatarios de bens e servizos, dos traballadores, protección do medio ambiente e o medio urbano, sexa de aplicación o procedemento de concesión de licenza municipal de apertura de conformidade coa Lei reguladora da actividade de que se trate.
- c. Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas cando se encontren sometidas a instrumentos de prevención e control ambiental de competencia autonómica conforme á Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia.
- d. Modificacións das actividades sometidas a licenza municipal.

4. Sen prexuízo do réxime e procedementos previstos nos anteriores apartados, as actividades neles referidas deberán obter as demais autorizacións que fosen preceptivas de acordo coa normativa sectorial aplicable.

### **Artigo 4. Exclusiones**

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Ordenanza os seguintes establecementos e actividades, que se axustarán ao que se estableza na normativa sectorial de aplicación:

- a) O exercicio de actividades profesionais relacionadas na sección segunda das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, sempre que se trate de uso de oficina ou despacho profesional, sempre que non produzan no seu desenvolvemento residuos, verteduras ou radiacións tóxicas ou perigosas, nin contaminantes á atmosfera non asimilable aos producidos polo uso residencial. Non están amparadas expresamente desta exclusión aquelas actividades de índole sanitaria ou asistencial que inclúan algún tipo de intervención cirúrxica, dispoñan de aparellos de radiodiagnóstico ou en cuxo desenvolvemento se prevexa a presenza de animais.
- b) Os establecementos situados en postos de mercado de abastos municipais.
- c) Os quioscos para venda de prensa, revistas e publicacións, lambetadas, flores e outros de natureza análoga situada nos espazos de uso público do municipio.
- d) A venda ambulante, situada na vía e espazos públicos.
- e) O uso do dominio público que poida realizarse no exercicio dunha actividade económica.

### **Artigo 5. Normas comúns para o desenvolvemento das actividades**

1. As persoas responsables das actividades e establecementos están obrigadas a desenvolverlas e mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade, acústicas, accesibilidade e calidade ambiental, reducindo a posible afección dos espazos públicos e empregando as mellores técnicas dispoñibles, que se é o caso, resultaren necesarias para o cumprimento das condicións expresadas.

2. A declaración responsable quedará sen efecto no caso de que se suspenda a actividade ou cesamento o exercicio da mesma por un período superior a un ano. En tal caso, para poder reemprender o exercicio da actividade correspondente requirirase a presentación de declaración responsable.

Igualmente quedarán extinguidos os efectos da declaración responsable se a actividade a que a mesma se refire non comeza a exercitarse no prazo de seis meses contados dende a data da súa presentación.

#### **Artigo 6. Consulta previa**

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 18 da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os interesados poderán presentar solicitudes de consulta previa sobre aspectos concernentes a un proxecto de apertura de establecemento ou inicio de actividade, que acompañarán dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.

2. A contestación á consulta realizarase de acordo cos termos da mesma e a documentación achegada, e farase indicación ao interesado de cantos aspectos concirnan á apertura do establecemento ou inicio da actividade, e en concreto:

- a) Requisitos esixidos.
- b) Documentación a achegar.
- c) Administración que sexa competente en cada caso, en atención ao tipo de actividade de que se trate.
- d) Outros aspectos que sexan de interese para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.

3. O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a Administración.

4. Se se presentase a declaración responsable nun momento posterior, farase referencia clara ao contido da consulta previa e a súa contestación.

#### **Artigo 7. Documentación exixible.**

1. Na tramitación necesaria para o acceso e exercicio dunha actividade reguladas por esta ordenanza, só poderán esixirse os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios para conformar a vontade da Administración e resolver en cada procedemento concreto, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios.

2. Non se poderá exixir a presentación de documentos ou a achega de datos que xa estean en poder das Administracións Públicas.

3. O Concello promoverá, na medida da súas posibilidades, a dispoñibilidade dun sistema electrónico de intercambio de información co resto de Administracións públicas españolas e, no seu caso, coas institucións públicas europeas, que garanta a interoperabilidade da información contemplada nesta Ordenanza e na normativa vixente.

4. Non obstante o disposto nos apartados 2 e 3, aos efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para o acceso e exercicio dunha actividade, aceptaranse os documentos procedentes de calquera Administración pública española ou de calquera institución pública doutro Estado membro da Unión Europea, dos que se desprenda que se cumpren tales requisitos.

5. No caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, non se esixirá a presentación de documentos orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas; salvo nos casos previstos pola normativa vixente, ou xustificadas por motivos de orde pública e de seguridade pública.

6. Aos efectos establecidos nos apartados anteriores, o solicitante deberá declarar en que Administración ou institución pública consta o dato ou a documentación orixinal. No caso de que tal Administración sexa distinta deste Concello, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, deberá autorizar expresa e inequivocamente a este Concello para a petición e obtención da devandita información, debendo constar devandito consentimento na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquera outra comunicación posterior, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no apartado 2 do devandito artigo.

Cando se trate dun dato ou documentación que obre en poder deste Concello deberá informarse ao cidadán de que se vai a consultar o devandito dato ou documento.

#### **Artigo 8. Documentación relativa á identidade e ao domicilio.**

1. Nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda ao Concello, non se esixirá, a efectos da comprobación dos datos de identidade persoal, a achega de fotocopias do documento nacional de identidade nin do documento acreditativo da identidade ou tarxeta de residencia dos estranxeiros residentes en territorio español expedidos por autoridades españolas. A comprobación ou constancia dos datos de identidade

realizarse de oficio polo órgano instructor, de acordo cos datos de identificación que obren en poder da Administración municipal, ou acudindo aos mecanismos de interoperabilidade.

2. Non se esixirá a achega do certificado ou do volante de empadramento como documento acreditativo do domicilio e residencia, a quen estea empadrado neste Municipio e teña a condición de interesado nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda a este Concello.

3. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fehaciente os datos do domicilio e residencia do interesado neste municipio, o órgano instructor comprobará tales datos. En todo caso, será preciso informar ao interesado de que os datos van ser consultados polo órgano instructor.

4. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fehaciente os datos do domicilio e residencia do interesado noutros municipios, o órgano instructor comprobará tales datos, previo consentimento do interesado, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no apartado 2 do artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

5. Se o interesado non prestase o consentimento mencionado no apartado 4, deberá achegar o certificado ou volante de empadramento, sendo a súa non achega causa para requirirille a subsanación de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### **Artigo 9. Documentación necesaria para as distintas actuacións**

1. Adoptaranse modelos normalizados para facilitar aos interesados a achega dos datos e a documentación requirida. Os devanditos modelos deberán estar a disposición dos cidadáns por medios electrónicos no portelo único previsto no art. 18 da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e na oficina municipal de información ao cidadán ou na Sede Electrónica do Concello.

2. Nas actuacións sometidas a declaración responsable achegarase a seguinte documentación:

- a) Modelo normalizado de Declaración responsable debidamente cuberto, en relación co cumprimento previo ao inicio efectivo da actividade e mantemento dos requisitos que fosen de aplicación ao exercicio da mesma. Así mesmo, incluírá unha autorización para a comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados.
- b) Acreditación da representación nos casos en que proceda.
- c) Indicación que permita a identificación, ou copia da licenza urbanística de obras, primeira utilización ou modificación de uso, segundo corresponda, que faculte para o pretendido destino urbanístico do establecemento sempre que fose esixible de conformidade coa normativa vixente.
- d) Certificado técnico de cumprimento de normativa urbanística e técnica para aqueles locais que non contén con licenza de primeira utilización.

3. O declarante, na data de presentar a declaración responsable, queda comprometido diante do concello e baixo a súa responsabilidade, a dispoñer da seguinte documentación:

- a. Licenza urbanística de obras, no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización das mesmas e fose esixible de conformidade coa normativa vixente.
- b. Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.
- c. Proxecto Técnico, asinado por técnico competente e visado, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora da mesma e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores ao tratarse das previstas polo artigo 2.2 da Lei de Ordenación da edificación. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.
- d. No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, deberá contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.
- e. Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

4.- En caso de cambios de titularidade, á comunicación previa unirase copia do documento acreditativo da transmisión, e indicación que permita a identificación ou copia da licenza de apertura ou, se é o caso, da toma de coñecemento da declaración responsable.

## **CAPÍTULO SEGUNDO. RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

### **Artigo 10. Toma de coñecemento**

1. A declaración responsable debe formalizarse unha vez acabadas as obras e instalacións conforme a licenza urbanística concedida e obtidos as demais autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo a actividade.

2. A presentación da correspondente declaración responsable faculta o interesado ao inicio da actividade proxectada desde o mesmo día da presentación ou desde a data manifestada de inicio, para cuxa validez non se poderá postergar máis alá de seis meses.

3. A copia da documentación presentada e debidamente selada ou o recibo emitido polo rexistro electrónico terá a consideración de toma de coñecemento pola Administración. Este documento deberá estar de forma permanente no establecemento obxecto da actividade.

4. A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e posibilitar un control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas que permiten esixir unha taxa pola actividade administrativa conforme se estableza na correspondente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 11. Comprobación**

1. Se a declaración responsable non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación da inmediata suspensión da actividade en caso de requisitos de carácter esencial. Así mesmo, indicarse que se non emendase a declaración responsable no prazo establecido se lle terá por non presentada, comportando a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada, e a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade correspondente, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

2. Poderá requirirse ao interesado a achega ou exhibición da documentación que declare posuír así como a demais que sexa pertinente para a comprobación da actividade e, nomeadamente, a sinalada no artigo 9 desta ordenanza.

3. O control realizado posteriormente á presentación da declaración responsable formalizárase nun informe técnico que verifique a efectiva adecuación da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que se é o caso puidese iniciarse.

4. No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade levantarase a correspondente acta de comprobación.

### **CAPÍTULO TERCEIRO. ACTIVIDADE DE CONTROL E INSPECCIÓN**

#### **Artigo 12.- Actividades de control e inspección**

